

O ritmo da orquestra (3 de 3)

[Samuel L. París](#) Escritor, baixista e defensa central.

29/set./13

Capítulo 26. O ritmo do garda forestal

Cando miras o lume, ves o lume.

Capítulo 27. O ritmo dos violadores da certeza

A esquerda parlamentaria galega é a manta baixo a que se agochan as voces máis tristes do noroeste peninsular.

Capítulo 28. O ritmo da colloada de Hodor

Este ano imos probar unhas vacacións no Donkey Kong Country da Super Nintendo. Achégase a treboada.

Capítulo 29. O ritmo de “esto lo va a petar, ya verás”

Estamos a favor de prohibir a entrada de estreleiras nos estadios, mais unicamente baixo argumentos estéticos.

Capítulo 30. O ritmo do que sempre terá que ser

Son unha puta submisa da mentalidade dos noventa.

Capítulo 31. O ritmo de Albuquerque

O fillo de Walter White si que non sabe bailar o ritmo da caverna.

Capítulo 32. El ritmo de Carmensita

O presente tocou teito cando Raquel Sánchez Silva patrocinou o suicidio do seu home. A partir de aí, volvemos para atrás. Sairemos gañando.

Capítulo 33. O ritmo do fígado Heraclio Fournier

O alcalde de Baralla escoitando o último de Fluzo enriba dunha toalla no medio dunha leira de tomates facéndose un.

Capítulo 34. Os anticiclóns teñen un ritmo curioso

Amancio O. pasa todas as noites a acariñar os cabelos da súa ex-muller, mais no cadaleito só hai prendas de Bershka rachadas. Alguén está moi equivocado.

Capítulo 35. O ritmo do quero montarme en tu velero

Nomear as partes íntimas (¿?) da túa parella cos nomes de cada un dos Ramones. Aínda que non saian as contas.

Capítulo 36. O ritmo do lume

I love it.

Capítulo 37. O ritmo baixo o que Fidel Castro chegou a vivir máis anos que Hitler

Confiamos nos amantes, nunca no amor.

Capítulo 38. O ritmo feliz da exsoberanía

Sexamos o resto do mundo. Independicémonos para fóra. Extralimitémonos.

Capítulo 39. Vai caer o ceo e as estrelas e ti vas estar bailando este ritmo

Organiza o teu propio paraíso fiscal.

Capítulo 40. O ritmo de insistir e insistir e insistir

A revolución será anarquista, sexual e necrófila.